

O TIO MARCOS D' A PORTELA

Os mandamentos d'o MARCOS
 fura d' airena, son seis:
 facer á todos xusticia,
 non casarse con ninguén,
 falar o gallego enxebre,
 cumprir c'o que manda a ley,
 loitar pol-o noso adianto
 con entusiasmo e con fé,
 vestir calzós e monteira
per omnia sécula amen.



Teñen os pobos a gala
 n-o seu linguaxe falar:
 fábase chino n-a China,
 portugués en Portugal,
 catalán en Cataluña,
 e n a Alemania, alemán,
 soilo os gallegos d' agora
 hastra vergonza lles dá
 falar a melosa e dulce
 fala que falan seus país.

PARRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano sétimo

Ourense 10 de Mayo de 1885

Parrafeo satenta e sete

O DEREITO DE VOTAR.

Algo debeu fumeigar n-as vilas cando n-os dias derradeiros se moveron as xentes mais que de costume: como si os homes sérios andivesen ó xogo d' as catro esquinas, pol-o que vin en Ourense e pol-o que contan os periódicos de Madril, iban de colexio en colexio electoral, pra ver si en algun habia lume e se quimaban os candilatos que a coalicion liberal puxera.

Axuntáronse os parti los liberás pra lle facer a contra ó Goberno. ¡Ansi se xuntáran os gallegos pra loitar pol-o seu adianto e pra escorrental-os males que os afrixen! Pero conquire a política o que non conquire o amor d' a pátria, que ó cabo si os gallegos temos corazón tamén temos estómago, e si un sinte o outro dixire, e como agora andamos c' o sigro son mais os que cobizan manterse que os que se degoran por honrarse.

Pol-a carrilleira d' a política vaise á pé feito escontra o medro, e pol-o camiño d' o amor d' a terra non s'alcontran mais que feridores toxos e desenganos d' abondo.

Os partidos liberás axuntáronse pra ll' insinar os dentes ós lapidantes que nos gobernan, xa cansos d' andaren langraneando con sede e fame de xusticia. Sirveulles de desculpa a eleu-

cion de concellos, como si se lles dera un pito porque os concellos fosen o que deberan ser pra venturanza d' os labregos.

Co-as forzas qu' empregamos n-a política faríamos milagres si nos axudásemos á unha pra traballar pol-o adianto d' o país.

Mais non temos que lle facer; van as cousas pol-o camiño que levan e ten agora mais validencia o dereito á votar que o deber de se sacrificar pol-a pátria que nos agarima.

¡E como s' exerce o dereito á votar!

Entr' us que non saben exercelo y-autros que s' aproveitan d' a iñorancia d' os electores, tórceño de maneira que s' asemella á calquera cousa menos á un dereito.

O paisano que pol-o ano adiante vive esquecido, sin que ninguén se recorde d' as suas coitas nin se doa d' os seus salayos, o labrador que anda c' o sacho n-a man esfatañado y-acabadiño pra se manter mal e pagar ben os trabucos e rendas, dalle creto ás barbaloadas d' algús zumezugas que pr' asegurar a pitanza traballan pol-o trunfo d' o candidato d' o Goberno, e si cada votan en contra d' os seus veciños, d' aqueles que por desleigados que fosen terían mais tino d' o seu adiantamento.

Outros electores fartos d' oubir latricar, mé-

tense n-a casa ou pónense á porta agardando á iren á votar e' o que mais lles conveña, rexindo o dereito de votar pol-o refran *d' o lobo un pelo* ou pol-o sistema de *aliquid chupatur*; dempois veñen as queixas; logo que se deprocatan d' o que fixeron pol-as secuelas d' o feito, botan as maus á cabeza e desconsólanse, xurando e perxurando non volveren ás andadas pra cair n-a gayola de novo á promeira que se lles presente.

¡E preséntanse tantas n-estos tempos d' arrautadas políticas e de fanfurríñas eleutorás!

Os labregos n-os días d' as eleuciós fanse de cobizar e danse á valer. Trannos e lévamos en coche; échenlles o papo á pedir de boca, non teñen o traballo de botar a mau á monteira pra saudar á ninguén, pois dinantes de que o fagan por cirimonia, os señoritos de mais perendengues co-a sourrisa n-os lábios e pasándolles a mau pol-o lombo, dinlles que se cubran, que non gasten cumpridos, que falan con amigos vellos e con xente francota.

Pol-o modo que teñen de se deixaren querer algús electores, pol-a pouca validencia que teñen d' os seus dereitos, pol-o moito que ll' as meten pol-os ollos, eu non sei cando lles pasan a mau pol-o lombo como non se deitan pol-o chau como fan os bacoriños fora a alma.

Namentres os labregos non se dean mais a respetar, namentres vayan e' o promeiro que os leva, namentres non teñan conciencia íntima d' os seus dereitos non sairán d' o esquecemento e d' a miseria en que viven, nin terán voz nin voto en nada, pois a canto falen chamarille parola, e por canto voten non se lle dará un pito ós lapidantes que saben por esperencia que os votos d' os labregos sirven pra volvérense contra eles solo con agasallalos.

Este defeuto, este aldraxe social botou como en ningures fondas raíces n-a nosa terriña. O ministro d' a Gobernacion cando quere facer un diputado á Córtes de calquera aduante d' os que lle andan facendo a roseca d' o galo ou d' un político de tres ó carto que valla pra dicir si ou non, segun ó ministro lle veña ben, lémbrese de Galicia e con darlle o seu nome ó gobernador d' a provincia, deixa saír triunfante d' as urnias ó achegadizo e hastra non falta quen n-o distrito lle dea vivas ó señor diputado a troques d' unha carteria ou d' outra zapicallada.

Discútense mais tarde n-o Congreso cousas d' importancia pr' os nosos intereses; midennos pol-o raseiro d' as rexións mais adiantadas e ricas, dánlle pol-o pé a calquera d' as poucas industrias

que temos, y-a nosa representacion en Córtes, sin que sea milagre pois non-a conecemos nin-os concece de vista, ou se fai a xorda ou cala, deixando que n-os esfolen o pelexo, pois pr' o que perde.....

Con tragner en andeas ó ministro que o fixo diputado, o país que o leve o demo, pois inda que sea renegando á d' exilio outra vez si o mal procurador conta co-a voluntá d' o manate.

Pensande ben n-o que vos falo, meus compañeiros de monteira, e non vos deixendes levar como bestas de carga pol-os agasallos d' os que teñen a corda n-a mau e turran d' ela pra facer-vos andar adiante pol-o camiño d' a vosa perdicion: xa mais acabadiños d' o qu' estandes non podendes estar, xa non vos poden botar riba d' o lombo mais d' a s que vos botan, e pra vivir como vivindes, pra pagar o que pagandes e mais non ter a libertá de facer o que querendes, que malos lobos me non coman si non ó millor aforcarse co-a renegueira como Xudas.

Ou trocandes o dereito de votar pol-o de bater, que n-o tocantes ó manexo d' o fungueiro sondes avisados, ou votande por quen vos salla d' adrento ou non votendes por naide, e quen queira saír diputado ou concexal, que o logre pol-os seus merecementos ou que o conquira pol-o seu esforzo.

N-a feira d' a política, onde tanto se vende e se merca, os que mandan fan o papel de tratantes, os que cobizan mandar o de chalás y-os que sempre son mandados o de bois.

Si non querendes que vos berren ¡hey boi hey! os que levan a aguillada e tanguen, exercitai con mais conciencia os vosos dereitos.

A PRIMADEIRA.

Abi ven o tempo de mazal-o liño,
abi ven o tempo, d' o liño mazar,
abi ven o tempo, rapazas d' o Miño,
abi ven o tempo de se espreguizar.

(Cantar d' o pobo).

Com' a miniña tola
que sai por ves primeira
con dengue e muradana
pr' a festa d' o lugar,
asi, xentil y-aposta,
vai vindo a primadeira,
grinaldas de craveles
vertend' ó seu pasar.

Xa encima d' os penedos
non berra o graxo rouco,
qu' alá n-as negras noites

as névoas espallou,
nin funga n-as troneiras
o son d' o vento louco,
que cántigas de bruxas
e trasnos remedou.

Xa s' ouce o pio alegre
d' o paxariño terno,
perdidol-os seus ollos
n-a estrela d' a mañan.
Y-as nubes sacudíndose
d' as brétemas d' o inverno,
vestidas d' ouro e nacre
pol-o hourizonte van.

Os álbores espidos
de fruto e de ramaxe
cubertos xa de follas
comenzan á dar fror,
e á sombra agachapado
d' o prácido follaxe,
mentras qu' o gando garda
fai chifros o pastor.

Xa d' amarelo e branco
se pintan os outeiros,
xa nacen n-as silveiras
as froles de san Xoan;
xa crecen n os balados
as edras y-os loureiros,
xa ten carrouch' o millo,
xa as vides gromos dan.

Ahí ven pr' os probes vellos
sin sangue xa e sin vida,
a fogueirada ardente
qu' esparxe a lus d' o sol;
ahí veñen pr' os poetas
d' ispiración garrida
as cheirosiñas auras
y-a vos d' o reiseñol.

Ahí veñen pr' os cortexos
as noites feiteceiras
d' os fúlidos luceiros
ó maino relumbrar;
ahí veñen pr' os rapaces
as moras d' as silveiras,
y-o tempo d' os gandulos
que niños van buscar.

¡Ay, estacion frorida,
gallarda primadeira,
quén pra botarche copras
tivera o que non ten!
C' o corazon ferido,
sin lira garruleira,
quén te cantou, hermosa?
¿Quén te cantou?... ¡Ninguén!

M. CURROS ENRIQUEZ.



ANDAR 'OS GRILOS.

¿Quén nega que alancamos pol-a carrilleira
d' o adiantamento? ¿Quén non sabe que hastra
n-os agros foron reformándose as nosas cos-
tumes?

N-outros tempos iban os rapaces ós grilos
pol-os sementados, e con furgar co-a palla n-o
burato collían un d' a pinta de príncepe y-ó telo
n-a mau inda que non cantase escomenzaban á
dar brincos de pracer, satisfeitos e fonchos pol-o
achazgo.

Hoxe xa precuran os mais pequerrechos íren
ós grilos n-a compañía d' as rapaciñas d' o seu
tempo e cóidanse mais que de furgar co-a palla
n-os buratos, de lles facer cóxegas ou d' andar á
camballadas co-as nenas esquecéndose d' os gri-
los, porque á nova xeneración de páxaros dinan-
tes de que lle saya o pelo sandeu pásalle pol-as
mentres aletexar e facer o niño.

Por eso onte ó sairenlle grilas anoxábanse os
nenos, aunque a cousa non era pra sentida. ¡Xa
quixera Cánovas que a coalición liberal lle saise
grila! Non se vería n-o caso de ter qu' escoitar o
cri cri d' ese grilo d' aquela caste que canta n-a
mau, que saíu d' o burato d' as urnias en total-
as mellores vilas d' España e que parés como que
quere aboixar os pazos cantando entr' os agros
d' a oposición.

Pol-a mor d' a perda d' as eleuciós o ministro
d' a Gobernación foise ós grilos. O de Fomento á
quen por ser mestizo enxebre non lle pracen as
divirticiós inocentes, lonxe de s' ir ós grilos *foi-
se ó bullo* d' os estudantes de Madril, collendo
en troques d' a palla pra furgar n-o burato, o
sobre d' a policía pra lles bater n-o lombo.

Por andaren ós grilos os que nos gobernan
vense n-as apuradas maores que gobernantes se
viron, y-é porque agora xa non s' estila andar ós
grilos como dinantes, sinon d' outro xeito, com'
unha tapiña pra encobrir a intención de certos
paseos que dan pol-os sementados algús que pa-
recen nenos e xa pican en homes.

Hoxe non andan, que se van ós grilos.

Os alcaldes que ganan as eleuciós valéndose
de trampas, vánse ós grilos.

Os que dempois d' exercer mando saen co-as
maus porcas, fóronse ós grilos.

Os militares que desertan dempois d' armar
unha revolucio por cobizo de medro, vánse ós
grilos.

Os que saen ben d' as alqueiradas e campan pol-os seus respetos n-o poder, sin teren quen lles faga pagar o feito, fóronse ós grilos.

As moeñas que se casan ós vinte anos sendo garridas e churrusqueiras, vánse ós grilos.

As solteiras que xa van vellas ou as viudas que pasan d' os coarenta, fóronse ós grilos.

Os que nunca se van ós grilos son os labregos, pois inda que se vexan arrangallados teñen que turrar d' o sacho pra se manteren, e si algú van ós grilos e ós d' aquela caste que s' alcontran en presidio, grilos de ferro que lles poñen ás maus e que non cantan, sinon que apertan de renegon.

A estes grilos deberan d' ir moitos d' os que aduanan en política pol-as aldeas e que pol-o xeito d' os rapaces que furgan co-a palla n-os buratos pra faceren sair ós grilos, furgan co-a vara d' o mando n-as chouzas d' os veciños ás que levan o desasosego, o loito y-a disgracia.

A NOITE.

Cando s' espallan as sombras pouco á pouco pol-a terra, envolvendo en negro manto dend' o picouto hastr' a veiga; cando a lúa está acochada, cal vergoñosa doncella, en nubes de caris pardo repinicadas de brétemas, e solo n-o val s' escoita o burbullar d' as fontelas, en que parece que falan as mais feiticeiras meigas; non sei que sinto n-o peito, non sei qu' ñorada pena, en qu' algun pracer encontro, n-a miña testa se pecha. Caviloso, ensimismado relembro a idade primeira en que de coores brilantes vía as ilusiós mais ledas, d' as que nacen esperanzas como d' o door nacen penas; relembro tantos feitizos, tantos recordos m' aqueixan que sinto enton rebulir n-os currunchos d' a cabeza pensamentos sempre vagos, sempre mortales tristezas! Contemplo qu' en min morreron as pasiós mais feiticeiras, os amores mais tenrinos y-as esperanzas mais ledas, os deseios, os temores... todo canto a vida encerra. En fin, encontro c' a noite moi marcada parecencia, pois eu tamen teño envoltas en sombras, as miñas penas,

e cal ela, tamén levo silencio frio e tristezas n-o mais íntimo d' a yalma n-o mais fondo d' a cabeza. Ay! non; que tamén encontro con ela gran diferenza, pois n-a noite sempre brila algun bërme, algunha *bella*, e tèn tellado cuberto de relumantes estrelas; n-ela sintens' os regatos rebulecer entr' as erbas y-o dulce *có có* d' os sapos turba o silencio d' a veiga, n-ela espállanse cheiriños, n-ela dorme a natureza, n-ela agárdase que salla o sol por detrás d' a serra, qu' esparexendo decote tan mouras y-espesas brétemas, volve axiña á dar cores ós picoutos, y-ás pradeiras... ¡y-en min nada brila agora que borre tanta tristeza, y-o sol d' a miña esperanza pra sempre fuxeu d' a terra pòndose tras d' hourizonte á dond' os homes non chegan!

L. U. GRÍS.

Habana, Marzo 1885.

CADROS ELEUTORAS.

N-a casa d' o cacique.

—Non vexo eu a cousa tan erara; c' o gallo d' a *colacion* liberal ímonos ver afrixidos pra ganar as eleuciós.

—Pois saya por onde saya e custe o que custe, temos que ganalas. ¿Que diría de nosoutros o cacique d' a vila? ¿Non lle demos palabra cando lembrou o estanqueiro y-o peaton d' o noso pau, de lle levar en branco a voluntá d' os eleutores?

—Pois eu véxochas malas: a *colacion liberal* presenta un caris condanado; non sei que xun-cras d' ordes recibiron de Madril, que andan feitos us cadelos á esculca de votos pol-as parroquias. Dame o corpo que d' esta emposta lévannos a eleucion á barrer.

—¿E non lle dixeches que o señor alcalde xurrou botar á presidio ós que voten en contra?

—¿Ande, non que non! Por apertar as caravillas non queda; pero agora xa non colan eses ditos, porque un fato de letrados axuntáronse n-a vila pra defender de balde d' as gayolas que ll' armemos ós que voten en contra d' o Goberno.

—Eso eche parola.

—Pero unha parola que lle fai rubir o fume á cabeza ós eleutores.

—Apúrate por pouco: si non surten efeuto as ameazas, con agarrar un mangado de toxos e

poñelos á porta d'o colexio, e con estaren achantados á porta dous d' os nosos con fungueiros de carballo pra lles mallar o lombo ós eleutores d' oposicion que s' estrevan á entrar, veremos quen nol-a empata.

—Estonces sería millor a escaleira de corda.

—Eso non, porque non queren rubir por ela nin á tiros desque ll' esfarelaron os meolos ó Caxuto: ademais si levantan un auta notarial, a escaleira comprometeráanos.

—¿Y-o mangado de toxos?

—Os toxos anque costen en auta non lle fai; con poñer n-a decraracion que os trouxéramos pra botar estrume n-o cortello d' a casa d' o Auntamento pol-a mor d' os marraus e d' as bestas que n-él s' acomodan os dias d' a sesion, sairemos d' apuros.

—Vaya logo, por min que non quede, pro xa che dixen que me daba mala espiña a *colacion liberal*.

—Eso córreche d' a miña conta; tí non t' esquezas de que a urnia teña un buraco, e durme sin ansia, que xa estou afeito á velas mais mouras. Non t' esquezas tampouco de poñer n-un anaco de papel os nomes d' os mortos pra facelos votar por si cicais non se pode valeirar o padron.

Outra cousa. Dinantes de que se me barra d'a memoria escribelle unha carta ben postina ó señor de... dicíndolle que ganamol-as mesas *con patas*, que sairán elexidos concexales os que mandan, e que as *proposicións* arretiráronse d' a loita corridas e' o trunfo d' os amigos d' o Goberno. Esa carta mandarála por un propio dinantes d' escomenzar o escrutinio.

—¿E si marran as nosas contas?

—¡Non me veñas con andrómenas! Promeiro lle poño lume ó colexio e faguemos unha informacion d' incendio casual, que perder as eleucións.

N-a chouza d' un eleutor.

—Xa lle dixen que si non ven á votar, mañá prántolle a demanda n-o Xuzgado.

—Pero señor, si non podo erguerme d' o leito, si me rifou o médeco porque nantronte sain a dar unha volta pol-a eira; si o señor abade viu pol-os seus ollos que non podo servilo porque morrería n-o medio d' o camiño. ¡Hay duas legoas d' eiquí ó colexio!

—Esas son disculpas; non hay exempro de que ninguen morrese por ir á votar. Si queres levareite en coche.

—¿Y-a volta?

—Traereite en coche.

—Eso xa lle m'o dixeron n-as eleucións derradeiras, e dempois de que votei deixáronme solo.

—¿E coidas qu' eu sería tan desleigado e tan pouco cristiano que te deixase vendo como t' al-contras?

—¡Xa vé, como non é a promeira!

—Aforremos palabras, ou votas ou non votas.

—¡Quen poidera votar!

—Vaya nameutres; vou á poñer a demanda e

dempois xa te gobernarás pra ires ó xuzgado.

—¡Ay mala centella! Non sei pra que xuncras os probes teremos voto.

N-a taberna.

—Abofellas que sabe que renega o bacalao.

—¡É bô viño!

—Deberan facerse pol-a curta nove eleucións n-o ano.

—Con oposicion.

—N-esta tempada pol-o menos andamos ben mantidos.

—¿E coneces os candidatos?

—Nin falta que fai.

—Estou n-a mesma, pra nos tan bôs son us com' autros.

A porta d' o colexio.

I

—E logo, Anton ¿qué hay de novo?

—Nada, amigo. Todo é vello.

Embargáronme n-antronte pr' os trabucos hastr' o alento, miña muller e' o disgusto tivo un mal parto: o pequeno naceu morto, cal debrian a mitá d' os que nacemos.

¡Nada amigo! Vello todo...

—¿E con quen votas? —¡C' o demo!

II

—¿Seica non entras, Amaro?

—Farruco, seica non entro.

—Danche o viño por cazolas...

xa ves... paga o Menisterio.

—Pois abonda; d' ese viño

pol-o de hoxe non che bebo.

¡Sempre ha ser com' o tabaco

o viño que é d' o Goberno!

III

—¿A donde vay, D. Grigorio?

—Pos voy a votar los nuestros.

—¿A cales? ¿ós zumezugas

que teñen hoxe o pandeiro?

—A los hombres de principios,

por quien ganó catro pesos

allá en Cáis erguendo fardos

de artículos muy diversos

con gran sudor de sus manos...

—E d' os pês! —En mi conceuto

debe votar a la guente

que tiene algun fundamento

y no a catro liberales

de muy poco mas o menos.

IV

—Amigo, s' é que non vota

como reza n-este impreso,
mándoo mañán á presidio,
deixoo por portas en menos
que canta un galo, e a maores
doulle un trancazo qu' o fendo.
Pol-o demais é muy libre
de votar contr' o Goberno.
—¡Pois que viva a libertadel!
—A votar estonces presto.

V

—Eleutor, ¿cómo se chama?
—Non-o sei. D' alcuño teño
un nome, qu' eu abofellas
á pernunciar non m' estrevo.
—Pois con alcuño ou con nome
votará n-este colexio.
—A votar c' os eleutores,
faga de conta que veño
pois chámanme de mal mote,
Ciscate pol-o caldeiro,
póñanme a urnia de diante
que logo eu farei o resto.



A un inglés escéntrico diulle porque lle desen tres bicos á súa filla dinantes de casala, os tres homes mais grandes d' o mundo.

Non sei que cara poria o marido ó sabelo.

Levouna a Caprera pra que a bicase Garibaldi; foi co-ela a París e deulle un bico Victor Hugo; trónxoa a Madril pra que Castelar a bicase por terceira vez. E bicouna Castelar facéndose o rogado, como si pra bicar a unha rapaza garrida, como contan que é a filla d' o inglés, houbese caso de sentir escrúpulos de concencia ou fose mau de pensalo.

Agora falta que lle pete ó inglés que bique o seu pimpolo o boiro mais enxebre de Galicia.

Que ll' a trayan ó Tio Marcos que lle dará un bico á inglesa, sempre que a rapaciña non traya o rostro enfariñado.



En Ourense as eleuciós
perderon os d' o Goberno,
os liberás ¡ay de Dios!
poden ir votar ó inferno.



Os votos d' o Rebolo e d' o Perdigon foron os

de mais lembradía n-as eleuciós derradeiras.
Fixéronse de rogar e pasaron pol-as maores angustias.

Com' os rapaces cando andan ós pámpos, así os axentes andiveron á escauca d' estes votos.

Namentres non votaron pasáronlles a mau pol-o lombo; dempois de que afuciñaron n-a urnia deixáronos que andivesen soltos com' os cas.

—¡Xa votou o Rebolo!—decian algús como si aparecese o Antecristo.

—¡O Perdigon xa votou!—añadiron outros como si fixese un milagre.

Y-o Perdigon y-o Rebolo
y-o Rebolo e Perdigon,
foron os dous mais lembrados
n-a derradeira eleucion.



‘O irlle levar un regalo a muller d' un bigairo de Vila ó dño d' o nabal político e sin ter xique-
ra tempo de deixar a cesta, pareulle n-a casa.

E contan n-aquela vila
que o regalo tiña rabo.
Porque naceu un nenño
feito e direito, diráno.



Porque as mozas de Vilagarcia deron en poñer us mandiles d' a feitura d' os que levaban unhas señoritas que se repinican moito por seren fillas d' un ex-ministro, armouse unha de paus entr' os parentes d' as mozas e d' as señoritas, que nin a rabea, e houbo dentes guindados, e narices con hinchume, e fochas n-as cholas.

¿Unha estragueira pol-a mor d' us mandiles?
¡Andache bõ o mundo!

Si o Tio Marcos s'alcontrara por aló cando socedeu o caso, non pasaría a cousa á maores, pois faria de xeito que as señoritas non se porcatasen d' a feitura d' os mandiles d' as mozas.

Habíanos ver solamentres pol a punta.



Traballou tanto o Xacobo
n-a contenda eleitoral,
que contan n-a capital
que traballou com' un lobo.



O vintenove d' o derradeiro mes d' Abril houbo a festa de san Pedro Mártir en Ribadavia.

Inda que non teño meigallos n-o corpo fun alá pol-a mor d' o *ramo cativo*.

Vin moitas mozas repoludas e solteiras con ramallos d' olivo e loureiro.

Unha d' elas deume unha póla bendita e como co-a mau pasoume o *ramo cativo*.

Púxenme á parolar co-ela, miroume co-aqueles olliños lostregantes d' amor que fan cóxegas

cando miran e... ¿qué ramo cativo nin que xun-
cras?

Volveuse ramo campante.



Pergúntame que si vivo

Pedro Mato...

¿Non hei vivir, meu querido
maragato?

Que non lle fago visitas
hay xa tempo...

Eso débelle ser cousa
d' os correos.

D' o interés que por min toma
doulle gracias,
conque hastra outra e mandar,
maragato d' a miña alma.



Con este rayo de tempo. en que ten un que
levar corozza pol-a mor d' o frio e d' a chuvia n-o
mes de Mayo, parès qu' a xente se volveu tola
y-anda todo trocado n-o mundo.

E sinon que me digan porque se fala tanto
agora d' a *colacion* cando xa fai tanto que s'
arrematou a coesma...

¡Ora o demo! Obrigar á tomar *colacion* ó Go-
berno que non está afeito á aunar!

Van á ser capaces de trousala os probiños,
que non teñen o estómago pr' esas lérias.

¡E si pol-o menos lles valera mercar bulda!

Mais segun din, xa non volverán á comer
carne os coitados e teñen *colacion* pra moito
tempo...

¡Hastra que lles limpen o comedeiro!



Todol-os rapaces que o día de Santa Cruz
cantaron o Mayo pol-as ruas tomárona comigo.

Traguian o meu nome n os lábeos como si
ll' o deprenderan a dicir ó tempo de lles dar
a teta.

Os diaños d' os rapaciños collidos pol-a mau
e facendo roda y-andando o redor d' o Mayo
cantaron estas copras:

Houbo unha festa en Ourense
como non houbo n-a terra,

a lamberotada

d' O TIO MARCOS D' A PORTELA,

Eu pidinlle o mayo
ó tío Marcos d' a Portela,
e díume un cravo d' os zocos
y-un fiacho d' a monteira.

Anque son o mayo
tamén trayo moxa

com' a d' o tío Marcos
pra bater n-as mozas.

Vel-eí ven o mayo
pol-a rua d' as Tendas,
c' unhas cirigolas
pr' o tío Marcos d' a Portela.

Anque son o mayo
irei á votar,
pra que o tío Marcos
saya concexal.

Levántate mayo
non seas tan porco,
que ven o tío Marcos
arrastrando os zocos.



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. X. V., Madril.—Recibin seis reás pol-a
sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xulio.

D. X. B. B., Dozon.—Recibin unha libranza
de tres pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os
derradeiros de Xunio.

D. D. P. C., Cruña.—Recibin unha libranza
de catro pesetas e dous reás en sellos pol-a sua
suscripcion hastr' os derradeiros de Novembre.

D. F. M. R., Vivero.—En carta certificada
recibin tres pesetas en sellos pol-a sua suscripcion
hastr' os derradeiros de Xulio. Mándanselle os
parrafeos que pide. As coleucións compretas aca-
báronse.

D. X. M. R., Beariz.—Recibin seis reás pol-a
sua suscripcion hastr' os derradeiros de Xunio.

D. X. M. P., Payoseco.—Recibin tres pesetas
pol-a sua suscripcion hastra fin de Xunio.

D. X. M., Cruña.—Pagaron á seu nome tres
pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros
de Setembre.

D. M. R. Ll., Vigo.—Pagaron á seu nome
seis reás pol-a sua suscripcion hastr' os derradei-
ros de Xunio.

D. X. B., Carril.—Recibin unha libranza de
seis pesetas pol-a suscripcion hastr' os derradeiros
de Xulio d' os catro suscritores d' esa vila, que
mandou n-unha nota.

D. B. R., Pontevedra.—Ninguén pagou ó seu
nome o descuberto d' a conta d' Abril.

IMPRESA D' O ECO D' OURENSE,
Alba 15, baixo.



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fóllo, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o país gallego.

SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

ADIMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçions é por adiantado.—Os números soltos vëndense á dez centimos de peseta.— Os pagos faranse en letras d' o xiro.

ALMACEN DE ULTRAMARINOS

DE

D. RAMON QUESADA,

PRAZA MAOR=OURENSE

Gran surtido de bacalao d' Escocia e de Noruega, esca-beches en latas e barriles, ostras, lamprea, salmon, roda-ballo, besugo, congrio, sardiñas, e pra que nada falte tamen vos hay bacalao a vizcaina, bacalao a catalana e pulpo.

Latas de pementos, mixilôs, guisantes e froitas en con-serva.

Queixos de hola e de total-as castes e salchichôs de Vich.

Precios económicos en competencia c' os conecidos.